RESUMO DA UNIDADE 10: Ditadura de Primo de Rivera e II República

Nun contexto internacional tan convulso como a etapa entre dúas guerra mundiais (crise do 29, ascenso dos fascismos e dio comunismo, conflitividade social...) a evolución histórica de España foi semellante á dos países europeos do entorno.

A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)

O Directorio Militar (1923-1925)

En setembro de 1923 o capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, apoderouse da cidade de Barcelona e fixo público un manifesto ó país no que se pedía o apartamento total dos partidos políticos e a entrega do Poder a un Directorio Militar, xustificando o golpe pola necesidade de restablecer a orde pública. O rei, Alfonso XIII, apoiouno e non houbo reaccións significativas no conxunto do Estado. Ninguén estaba disposto a defender o sistema da Restauración.

Primo de Rivera formou un Directorio Militar para gobernar o país, tomando como modelo o fascismo italiano. Organizou un réxime ditatorial baixo a tutela do exercito, sendo desmanteladas as institucións constitucionais. Sen embargo, ó principio, a Ditadura obtivo un amplo apoio: a Igrexa, os terratenentes, a burguesía e, ata 1929, o PSOE e a UGT. Houbo tamén importantes sectores descontentos: a burguesía e o clero nacionalistas cataláns (o exército era radicalmente centralista, mesmo prohibiu o emprego do catalán); os intelectuais —Unamuno, Blasco Ibáñez, etc.— e os estudantes; e a CNT, que foi prohibida e sufriu unha durísima represión que a paralizou (aínda que en 1927 se creou un grupo anarquista radical, a FAI, Federación Anarquista Ibérica, liderada por Durruti).

Un dos éxitos da Ditadura foi a pacificación da colonia española en Marrocos. En principio o Ditador era partidario da retirada, pero a presión dos militares africanistas fíxolle cambiar de opinión. O desembarco de Alhucemas en setembro de 1925, en colaboración coas tropas francesas, foi un éxito e en 1927 conseguiu o control total do territorio.

O Directorio Civil (1925-1930)

O Directorio Militar foi substituído por un denominado Goberno Civil, integrado por seis civís, pertencentes ó partido único acabado de crear —a Unión Patriótica—, e catro militares. Esta foi unha etapa de expansión capitalista nun contexto de crecemento económico mundial, os felices anos vinte. A industria, sobre todo a siderurxia e a eléctrica, cereceron moito, pero o certo é que as estruturas agrarias non se modificaron e o 50% da poboación campesiña vivía en condicións de extrema pobreza.

—O aumento da oposición. A pesar dos intentos da Ditadura de perpetuarse mediante a creación de institucións como a Asemblea Nacional e as corporacións inspiradas no fascismo italiano, había cada vez máis sectores descontentos. En 1929 era evidente que o Ditador perdía apoios cada día e que as forzas opositoras eran cada vez máis numerosas, uníndose a elas tamén destacados políticos monárquicos e oficiais do exército. A este aumento da oposición engadiuse a influencia da crise económica mundial de 1929. O 30 de xaneiro de 1930 o ditador presentoulle a súa dimisión ao rei e este, sabedor da carencia de apoios da ditadura, aceptouna.

A caída da Monarquía (1930-31)

Pasouse da Ditadura á ironicamente chamada *Ditabranda* do xeneral Berenguer, encargado polo rei de pilotar a reinstauración do sistema político da Restauración.

As forzas antimonárquicas reuníronse en agosto de 1930 en San Sebastián, e firmaron o chamado “Pacto de San Sebastián”, no que se constituiu un Comité Revolucionario que tiña como obxectivo derrubar á Monarquía.

A situación empeorou e o almirante Aznar substituíu a Berenguer, convocando eleccións municipais para o mes de abril (parecíanlle menos perigosas para a Monarquía que unhas eleccións xerais). As eleccións do 12 deron como resultado un triunfo dos partidos opostos á

Monarquía nas grandes cidades. Ante o apoio popular á República, o 14 de abril Alfonso XIII abdicou e marchou ó exilio. O Comité Revolucionario tomou o poder.

A Segunda República (1931-1936)

A Segunda República naceu en medio do entusiasmo de gran parte da poboación española iniciando un proceso de modernización política e socioeconómica: recoñecemento do dereito ó voto das mulleres; reforma do Estado contemplando a autonomía para as comunidades que o reclamaban; reforma das relacións laborais; reforma agraria; separación da Igrexa do Estado; extensión da educación e da cultura... Pero as esperanzas quedaron pronto frustradas e en menos de seis anos desembocaron nunha terrible guerra incivil de tres anos. As dificultades económicas derivadas da crise de 1929, a radicalización política, a conflitividade social, os erros políticos e a intransixencia dos sectores que se sentían ameazados pola nova situación contribuíron ó fracaso desta breve experiencia democrática.

O Bienio Progresista (abril 1931-novembro 1933)

—A Constitución de 1931. A nova Constitución reflectiu a ideoloxía da esquerda maioritaria e non existiu un consenso político e social. Os artigos máis discutidos foron os referentes ás autonomías rexionais (as dereitas identificáronos cun atentado á unidade de España) e á Igrexa (acusaron á Constitución de promover o ateísmo). Outros artigos problemáticos foron: o recoñecemento do dereito ó voto das mulleres; a legalización do divorcio; a escola laica e a posibilidade de expropiar bens por razóns sociais.

-O problema relixioso. Está presente na propia Constitución coa separación de Igrexa e Estado e outros artigos que remataban cos privilexios seculares da Igrexa católica: todas as confesións relixiosas foron consideradas Asociacións sometidas a unha lei especial; suprimiuse a contribución do Estado á Igrexa; disolveuse a Compañía de Jesús; prohibiuselle exercer a industria, o comercio e o ensino... As esquerdas vían á Igrexa coma unha forza reaccionaria ligada ás clases dominantes, pero obviaron a importante influencia que exercía na sociedade española. O enfrontamento foi descarnado, e a Igrexa apoiou á dereita e serviu despois de coartada ideolóxica ó bando franquista na Guerra Civil.

-O problema rexional. A existencia de partidos nacionalistas nas tres rexións con lingua propia levou ós partidos republicanos a asumir o problema das nacionalidades. En Cataluña Esquerra Republicana era o partido máis votado, e despois dunha Generalitat provisional, viu aprobado o seu Estatuto en 1932. As outras dúas nacionalidades non puideron desenvolver o Estatuto a causa do estalido da Guerra Civil.

—O impulso do ensino público. O maior problema co que tivo que enfrontarse a República foi o elevado índice de analfabetismo (30%) e a falta de escolarización de case a metade da poboación infantil. Un dos máis decididos empeños foi a creación de escolas e a ampliación do número de docentes. Xunto a iso houbo importantes realizacións culturais: bibliotecas ambulantes, creación das Misións Pedagóxicas (semellantes a escolas itinerantes) e de La Barraca, grupo universitario de teatro no que participou Lorca e que percorreu España. En dous anos creáronse máis de 13.000 aulas. A política educativa do Goberno atopouse coa oposición dos sectores clericais e dereitistas que vían na educación laica un perigo para o mantemento do control social da Igrexa católica.

—O problema militar. Para o Goberno o problema militar manifestábase nunha maior eficacia e no apoio dos militares ós sectores máis conservadores. A medida máis importante foi a Lei Azaña (1931), que reduciu o número de oficiais pero non conseguiu depurar o Exército de elementos reaccionarios. O malestar dos oficiais co Goberno de esquerdas manifestouse no intento de golpe de Estado do xeneral Sanjurjo, a *sanjurjada*, en 1932, que fracasou, pero anunciaba o que aconteceu en 1936.

—O problema agrario. A necesidade de modernizar a agricultura e mellorar as condicións de vida dos xornaleiros facían necesaria unha reforma. O Goberno ditou unha serie de decretos para aliviar a situación dos xornaleiros andaluces e estremeños, sometidos ó paro estacional, ós

abusos dos latifundistas e ós baixos salarios que os mantiñan na miseria: aumento dos xornais, traballo forzoso das terras, xornada oito horas, etc. O Lei de Reforma Agraria aprobada en 1932 establecía a expropiación con indemnización das terras non cultivadas ou arrendadas durante doce anos, das que se podían poñer en regadío e dos grandes latifundios próximos áos núcleos de poboación segundo a súa extensión. Foi unha das leis máis combatidas pola dereita, que defendía os intereses dos terratenentes. A reforma agraria tivo escasos resultados, debido á falta de medios e ó pouco tempo de vixencia.

—Aumento da conflitividade. A pesar das esperanzas que suscitou a proclamación da República entre as clases populares e ás medidas tomadas polo Goberno (convenios colectivos, vacacións pagadas de sete días, dereito de folga, xurados mixtos para os conflitos laborais, seguros de retiro obreiro, de maternidade e de accidentes de traballo, etc.) a conflitividade foi en aumento. Entre as razóns destacan: a incidencia da crise do 29 que provocou un aumento do paro, o radicalismo da CNT que lanzou constantes insurreccións revolucionarias, a resistencia de empresarios e terratenentes fronte ás reformas e o crecente descontento da UGT ante a lentitude e moderación das reformas. Houbo constantes enfrontamentos entre os traballadores e as forzas de orde pública, sendo o de máis sona o de Casas Viejas, en Cádiz, onde morreron vintetrés xornaleiros.

O Bienio de Dereitas (novembro 1933-febreiro 1936)

En setembro de 1933 rompeuse a alianza entre os republicanos de esquerda e os socialistas. Nas eleccións de novembro, nas que votaron por vez primeira as mulleres, a esquerda sufriu unha importante derrota.

O partido máis votado foi a CEDA (*Confederación Española de Derechas Autónomas*) liderada por Gil Robles, pero non foi o encargado de formar goberno por non aceptar a legalidade constitucional. O Partido Radical de Lerroux formou goberno co apoio parlamentario da CEDA. A acción política dos gobernos de dereitas limitouse a desfacer a obra lexislativa anterior: contrarreforma agraria; suspensión do Estatuto catalán e bloqueo dos procesos autonómicos en Galicia e no País Vasco; amnistía dos participantes na sanjurjada e nomeamento para altos cargos de militares antidemócratas (Franco: xefe do Estado Maior); mantemento das subvencións ó clero; e freo ó crecemento do ensino público; etc. En definitiva, devolveron ás clases privilexiadas á posición dominante da que gozaban ata a proclamación da República.

—A Revolución de outubro de 1934. A conflitividade social foi en aumento e radicalizouse a vida política. Sectores da dereita (monárquicos, carlistas e falanxistas) contactaron coas autoridades fascistas e nazis de Italia e Alemaña, para buscar o seu apoio a un golpe de Estado. O PSOE e o seu sindicato afín, a UGT, decidíronse pola vía revolucionaria encabezada por Largo Caballero. A maioría dos partidos crearon as súas propias milicias armadas, que se enfrontaban nas rúas.

No verán do 34 a esquerda obreira uniuse nas chamadas Alianzas Obreiras, excepto a CNT, para frear ó fascismo emerxente en Europa mediante un movemento revolucionario (que non respectaba a legalidade). A insurrección iniciouse cando entraron cinco ministros da CEDA no goberno, en outubro. Houbo disturbios en varias cidades, pero só triunfou en Asturias. Aquí tamén participaron os anarquistas, e os obreiros controlaron a situación durante dúas semanas, sendo finalmente vencidos polas tropas chegadas de Marrocos. O acontecido foi un anuncio da Guerra Civil e a represión foi durísima: execucións masivas, 30.000 persoas encarceradas, prohibición das actividades de anarquistas, comunistas e socialistas, etc. O Exército volvía, unha vez máis, a constituír a derradeira garantía das forzas tradicionais fronte ás reivindicacións revolucionarias.

A Fronte Popular (febreiro-xullo de 1936)

A esquerda deuse conta de que para vencer legalmente á dereita debía unirse, como no primeiro bienio. A alianza quedou constituída a finais de 1935, entrando os partidos republicanos de esquerda, o PSOE, o PCE, o POUM (trotskista) e, máis tarde, o Partido Galeguista. O seu programa centrábase na continuación das reformas e na amnistía para os participantes na revolución do 34.

O escándalo dunha ruleta trucada (*estraperlo*) fixo caer ó goberno de Lerroux, e o presidente da República, Alcalá Zamora, convocou eleccións para febreiro. Os resultados amosaron a división do país en dous bloques, dereita e esquerda, cunha lixeira vantaxe do segundo.

A vitoria da esquerda non foi acatada polas dereitas, que comezaron os preparativos para facerse co poder pola forza. A política do goberno da Fronte Popular seguiu o establecido no programa: amnistía e reformas, só que estas se aplicaron con maior decisión (en cinco meses os campesiños ocuparon máis terras que en todos os anos anteriores).

A violencia política medrou aceleradamente e os xenerais golpistas ultimaron o plan do golpe. O Goberno limitouse a enviar ós xenerais máis perigosos a destinos afastados (Franco a Canarias) e foi incapaz de manter a orde pública. As milicias armadas dos partidos enfrontábanse a diario na rúa o que culminou en xullo cos asasinatos do tenente Castillo polos falanxistas e do deputado monárquico, Calvo Sotelo, como vinganza, polos compañeiros do primeiro.

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936

Despois dun período de parálise política nos anos vinte debida á Ditadura de Primo, as Irmandades da Fala, e os diversos grupos nacionalistas, conseguiron dous deputados nas Cortes de Madrid en 1931, Castelao e Otero Pedrayo. No mesmo ano os grupos nacionalistas uníronse no Partido Galeguista. Este partido foi a primeira organización política estable coa que contou o nacionalismo galego. Dentro do Partido Galeguista convivían posicións conservadoras e progresistas.

A súa actividade política entre 1931 e 1936 caracterizouse pola defensa de Galicia no Parlamento español e polo intenso labor propagandístico a favor da autonomía para Galicia. A aprobación do Estatuto iniciou o proceso constitucional en 1932, cando foi apoiado en Santiago polo 75% dos concellos de Galicia. O referendo non se convocou ata 1936 polo freo ao mesmo da dereita. En 1936, o Partido Galeguista integrouse na Fronte Popular —o que provocou unha escisión dos máis dereitistas (Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde...)— coa condición de que se aprobara o Estatuto. No referendo celebrado o 28 de xuño os resultados foron espectacularmente favorables.

O 18 de xullo iniciouse a Guerra Civil. Castelao, que xa non puido regresar a Galicia, levou adiante unha intensa campaña ata lograr que as Cortes republicanas, xa de retirada en Cataluña, case ó finalizar a Guerra, aprobasen a tramitación do Estatuto, nunha decisión política de gran valor simbólico e que permitiu que Galicia fose considerada unha “nacionalidade histórica” na Constitución de 1978.